

ORGANIGRAMA

COMITÉ DO CENTENARIO DA LIÑA BETANZOS - FERROL

Está formado polos seguintes Concellos: Betanzos, Cabanas, Fene, Ferrol, Mugardos, Narón, Neda, Paderne e Pontedeume, xunto coa Asociación Ferrolterra de Amigos del Ferrocarril (AFAF).

A Directiva actual do Comité é a seguinte:

Presidencia - Concello de Ferrol

Vicepresidencia - Concello de Betanzos

Secretaría - Concello de Neda

Vocalía de Cultura - AFAF

RESUMEN DAS XUNTANZAS DO COMITÉ

2009

Setembro, Betanzos.

Ten lugar o primerio contacto de cara a celebración do Centenario da liña ferroviaria Betanzos-Ferrol. Asisten representantes das Administracións locais situadas no recorrido da liña e membros da Asociación de Amigos do Ferrocarril.

Novembro, Cabanas.

Ten lugar a primeira reunión “oficial” de Concellos con motivo de planificar os Actos Conmemorativos do Centenario da liña Betanzos-Ferrol. Asistiron representantes de Cabanas, Pontedeume, Betanzos, Neda e Narón.

2010

Febreiro, Cabanas.

Proponse a creación dun Comité con todos os Concellos da liña e formar unha Directiva para mellorar o funcionamento e a xestión do mesmo. Chégase ao seguinte acordo:

Presidencia - Concello de Ferrol

Vicepresidencia - Concello de Betanzos

Secretaría - Concello de Neda

Vocalía de Cultura - AFAF (Asociación Ferrolterra Amigos Ferrocarril)

Propóñese facer un **MANIFESTO** do Comité organizador do Centenario coa idea de presentarse á sociedade, unha declaración pública dos obxectivos culturais, lúdicos, festivos e reivindicativos, xunto coas actividades previstas.

Marzo, Ferrol.

Reunión da Directiva do Comité do Centenario, na que se fai unha primeira distribución das tarefas sobre os contactos con outras administracións e entidades. Acórdase facer unha convocatoria á toda a poboación para recopilar información oral e documentación gráfica e escrita.

Abril, Ferrol.

Fálase de crear un logotipo representativo do Comité do Centenario.

Xuño, Ferrol.

Apróbase o seguinte logo para o Comité do Centenario da liña:



Inagúrase a Exposición “Historia y Patrimonio” no Concello de Betanzos.

Outubro, Ferrol.

AFAF elabora unha memoria económica coa previsión de todos os gastos dos actos e das actividades ata o 2013.

Decembro, Ferrol.

Dase conta das xestións realizadas ata o momento e das próximas exposicións, que serán nos Concellos de Narón e Fene.

2011

Xaneiro, Ferrol.

Preséntanse presupostos das Placas conmemorativas e dos modelos de “Carteis” e “Saúdas” unificados para exposicións e diferentes actos.

Febreiro.

Inaugúrase a Exposición de Narón no Pazo da Cultura, que estará aberta ata o día 15 de febreiro en horario de mañá (de 11 a 13 h.) e tarde (de 17 a 20 h.)